

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Daniel Mallo Castro
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e dous de novembro do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D.^a María Dolores Pan Lesta, D. Daniel Mallo Castro, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez e a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 15 de novembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 15 de novembro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

- Resolución de 3 de novembro de 2022, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU

e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT404F). DOG núm. 220 do 18-11-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2022/C003/000013, POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ESTABLECIDO NO ARTIGO 159 DA LCSP, CUN DOUS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA (FACTOR PREZO E INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA), CORRESPONDENTE Á OBRA DE “REFORMA E AMPLIACIÓN DO COMPLEXO MUNICIPAL DA BARCALA”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022 (CVD: YTcDsT9vwWwYgBQFBy3q), relativa á “Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000013, polo procedemento aberto simplificado establecido no artigo 159 da LCSP, cun dous criterios de adjudicación de apreciación automática (factor prezo e incremento do prazo de garantía), correspondente á obra de “Reforma e ampliación do complexo municipal da Barcala”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 30.08.2022, aprobou o “Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación do Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Xuño 2022” asinado polo arquitecto Alejandro González Rodríguez con data 10 de xuño de 2022 e cun orzamento base de licitación de 274.322,69 € IVE incluído.

Visto que consta no expediente o informe técnico de necesidade asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas e o Sr. alcalde, con data do 22.08.2022 (CSV: aq5njFosDTpOirsM7ktK).

Visto que consta no expediente o documento de retención de crédito con cargo á partida orzamentaria 642 62200 asinado polo interventor municipal con dato de 28.07.2022 (código de validación: X421C-SF28A-RURBY).

Visto que consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polo redactor do proxecto e a arquitecta técnica municipal con data do 21.09.2022.

Visto que consta no expediente o informe técnico emitido pola arquitecta técnica con data do 03.11.2022 relativo, entre outros aspectos, á nomenclatura da obra, xustificación da non división en lotes, criterios de adjudicación e compromiso de medios personais e materiais (CVD: o9qJXcygm4QeAvEpD1nE).

Visto que con data do 11.11.2022 asinouse por esta concellería a providencia na que solicitou a emisión dos pertinentes informes pola Secretaría e maila Intervención municipais (CVD: OodkLhGAT2gf/2yBxRCP).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: CI77T4cl/7v2lbz6Y5h) asinado con data do 16.11.2022 pola técnica de xestión de administración xeral que subscribe e pola secretaria xeral da Corporación.

Visto o informe-proposta emitido con data do 17.11.2022 pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e o interventor municipal (CVD: hUFTq/v5BKDb+JCmxoAJ).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias propias dos concellos en materia de equipamentos da súa titularidade, de acordo co art. 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000013, polo procedemento aberto simplificado establecido no artigo 159 da LCSP, cun dous criterios de adxudicación de apreciación automática (factor prezo e incremento do prazo de garantía), correspondente á obra de **Reforma e ampliación do Complexo municipal da Barcala** e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: Cl77T4cl/7v2lbz6Y5hN), cun orzamento de execución por contrata de: 226.712,97 € sen IVE, 274.322,69 € IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 274.322,69 €, por conta da aplicación orzamentaria 342.62200.

Cuarto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - A técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López.
 - O enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe da sección de servizos, don Óscar Souto Muiño e, como suplente, a enxeñeira técnica de obras públicas, dona Elena Bartolomé Delanöe.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao departamento de secretaría, dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022 (CVD: YTcDsT9vwWwYgBQFBy3q), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2022/C003/000009, POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO ESTABLECIDO NO APARTADO 6 DO ARTIGO 159 DA LCSP, CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA (FACTOR PREZO), CORRESPONDENTE Á OBRA DE “ZONA DE ESPAREXEMENTO PARA CANS EN PARCELA MUNICIPAL, SITA NA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO, O GRAXAL-O TEMPLE, CAMBRE”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022 (CVD: 8FnsALzrWjDTQVz4IPyx), relativa á “Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000009, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de “Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día catro de outubro de dous mil vinte e dous, aprobou o proxecto “Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento base de licitación de 13.913,61 euros, IVE incluído.

Previamente á dita aprobación, a arquitecta técnica municipal emitiu informe urbanístico (CVD: C/ZGQB4gZDawt8jD5HSP), con data de 29.09.2022, no que di:

(...) En base a lo expuesto y dado que los trabajos se realizarán sobre suelo de titularidad municipal, no siendo preciso para llevarlas a cabo, la autorización de ninguna otra administración que no sea la municipal, por lo tanto, y desde el punto de vista urbanístico, se considera viable.

Tamén, previamente á dita aprobación, con data do 03.10.2022, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior emitiu informe xurídico ao proxecto (CVD: HoXFiwOvoxhKhL/OPDA0), no que di:

(...) Que o proxecto municipal denominado “Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data 31 de maio de 2022, cumpre coa lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como co planeamento en vigor.

Con data do 09.11.2022 asinouse pola enxeñeira técnica de obras públicas o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, á nomenclatura da obra, xustificación da non división en lotes, criterios de adxudicación e compromiso de medios personais e materiais (CVD: iJagml3cP0NsySG6sD+s).

Coa mesma data do 09.11.2022 asinouse pola enxeñeira técnica de obras públicas a acta de replanteo (CVD: BeXYyFkaMMEueuCGLgsB).

Consta documento de retención de crédito por importe de 13.913,61 euros emitido polo interventor municipal con data do 20.05.2022 (Código de validación: MHYMR-INCH0-JQ9ZW).

Con data do 16.11.2022 asinouse por esta concellería a providencia na que se solicitou a emisión dos pertinentes informes pola Secretaría e maila Intervención municipais (CVD: qf7U8vpOpURoMzwBZ4hC).

Consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: QzTfPxNzxlRy1t6H5C3x) asinado, con data do 17.11.2022, pola técnica de xestión de administración xeral que subscribe e pola secretaria xeral da Corporación.

Consta no expediente informe–proposta emitido con data do 17.11.2022 pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e o interventor municipal (CVD: pPOGhRqxz7KO8iOX4JMQ).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias propias dos concellos en materia de equipamentos da súa titularidade, de acordo co art. 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000009, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de **Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre** e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: QzTfPxNzxlRy1t6H5C3x), cun orzamento de execución por contrata de 11.498,85€ sen IVE, 13.913,61€ (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 15.284,73 euros, por conta da aplicación orzamentaria 933 62200.

Cuarto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, e á arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López, integrantes da unidade técnica de asistencia prevista no cláusula 15.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022 (CVD: 8FnsALzrWjDTQVz4IPyx), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA “SUGEMA, S.L.” ADXUDICATARIA DO LOTE 2 DENOMINADO “ALUGUEIRO, INSTALACIÓN, MANTEMENTO E RETIRADA DE SERVIZOS QUÍMICOS SANITARIOS DURANTE O DESENVOLVEMENTO DA ROMARÍA GALAICO ROMANA GALAICOI” DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUMINISTROS PARA A “ORGANIZACIÓN DO MERCADO GALAICO - ROMANO E A DOTACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A REALIZACIÓN DA IV ROMERÍA GALAICO-ROMANA “GALAICOI”. EXPEDIENTE 2019/C004/000012

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de novembro de 2022 (CVD: E6pkUAVAB22Cq70flzzw), relativa á “Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “SUGEMA, S.L.” adxudicataria do Lote 2 denominado “Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría galaico romana Galaicoi” do contrato mixto de servizos e suministros para a “Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico-Romana “Galaicoi”. Expediente 2019/C004/000012”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 17 de xullo de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “SUGEMA, S.L, S.L.” adxudicataria do Lote 2 denominado “Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría galaico romana Galaicoi” do contrato mixto de servizos e suministros para a “Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico - Romana “Galaicoi”. Expediente 2019/C004/000012

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva prestada mediante Fianza con data 09.07.2019 por importe de 110,00 euros, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Técnico en Promoción Económica, José Luis González Cardalda, con data do 10 de xuño de 2022, (CVD: itAu0IZIJS/ad/B/05QZ).

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 16 de novembro de 2022, (CVD: p8h7LzpUH0BET8KKbVvF).

A teor do establecido nos arts. 111, 210.3 e 311.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva polo importe de 110,00 euros, depositada pola entidade “SUGEMA, S.L.”, con NIF B15009681 e enderezo social en rúa Perpetuo Socorro nº 1 baixo, A Coruña, 15006, no expediente número 2019/C004/000012, adxudicataria do Lote 2 denominado “*Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría galaico romana Galaico*” do contrato mixto de servizos e suministros para a “Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico - Romana “Galaico”. Expediente 2019/C004/000012.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de novembro de 2022 (CVD: E6pkUAVAB22Cq70flzzw), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 11 ao 17 de novembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1934/2022 e rematan coa Resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1988/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1934/2022	11-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.J.P.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1935/2022	11-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1936/2022	11-11-2022	Convoatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de novembro de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1937/2022	11-11-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 28.035,46 euros
1938/2022	11-11-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.A.C.R. por non cumprir os requisitos establecidos no Art. 2 da ordenanza reguladora
1939/2022	11-11-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a N.B.B. por esgotar a cantidade máxima a percibir en 12 meses establecida na ordenanza
1940/2022	14-11-2022	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 número 31/2022 por importe de 62.354,07 euros financiada en 32.374,58 euros con compromiso de ingreso e en 29.979,49 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
1941/2022	14-11-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 21 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de San Roque, núm. 1-C, parroquia de Sta. María de Vigo
1942/2022	11-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a O.M.P.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1943/2022	11-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.J.M .E. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1944/2022	14-11-2022	Corrección erros no punto primeiro das resolucións núm. 1.231/2020 do Concelleiro-Delegado da Area de Urbanismo e Obras do 27 de agosto de 2020 e núm. 1081/2021 do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Obras do 30 de xuño de 2021 polas que se concede licenza a dona AGL, expediente nº 2019/U018/000026, no que a superficie das parcelas de resultado
1945/2022	11-11-2022	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente ao pago fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2022 por un importe de 0,00 euros.
1946/2022	14-11-2022	Conceder a licenza de primeira ocupación a Mª PMS para a vivenda sita no lugar deo Sixto, parroquia de Cambre, con licenza de obra nº 01/37/2011.
1947/2022	14-11-2022	Anular o modificativo de crédito, transferencia de crédito 1/2022, no importe de 44.679,67 euros
1948/2022	11-11-2022	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de outubro de 2022 por importe de 78.744,31 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 78.744,31 euros no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABALLO PERSOAL".
1949/2022	14-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 17 de novembro de 2022
1950/2022	14-11-2022	Aprobación da certificación correspondente á obra Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. do Espírito Santo, Cambre, A Coruña, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondente a factura por importe de 46.030,25



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		euros, así como o seu pagamento
1951/2022	14-11-2022	Aprobación de certificacións correspondentes á obra Adecuación funcional Horta do Cura. Cambre, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe de 13.004,08 euros, así como o seu pagamento. (certificaciones 3 y 4)
1952/2022	15-11-2022	Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 1, Cambre, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023.
1953/2022	15-11-2022	Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 2, A Barcala, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023
1954/2022	15-11-2022	Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 3, O Temple, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023
1955/2022	15-11-2022	Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 4, Polígono Espírito Santo, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023.
1956/2022	15-11-2022	Contrato Menor para representación ante o Xulgado nº1 reforzo da Coruña no procedemento 576/2022 interposto por dona Bárbara Caridad Cañizo contra o Concello de Cambre
1957/2022	15-11-2022	Inscribir o can identificado como MIA, de raza Pit Bull Terrier, sexo femia e microchip número 977200008088212, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
1958/2022	15-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.E.S.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1959/2022	15-11-2022	Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida por importe de 44.366,52€, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas á habilitación e mellora da infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución da obra denominada "Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial do Espírito Santo, Cambre, A Coruña"
1960/2022	15-11-2022	Remisión documentación solicitada en relación coas resolucións de nóminas mensuais dende Agosto de 2021 ate a actualidade a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		solicitude de M.O.S.L., concelleira do grupo mixto
1961/2022	15-11-2022	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2022/C002/000126 SERV cuxo obxecto é a contratación das pólizas de seguros de accidentes e de responsabilidade civil, esixidas pola Xunta de Galicia para os cursos do Plan formativo para o emprego 2022-2023, con cargo á aplicación orzamentaria 241.22400 "Primas de seguros fomento de emprego". Adxudicar o contrato menor á empresa MARKEL INSURANCE (sucursal en España SE), co CIF:W2764898I, por un importe máximo de 1.275,00 euros (IVE 0%)
1962/2022	15-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1963/2022	16-11-2022	Aceptar o desistimento da petición da axuda para lentes correctoras a RMG por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
1964/2022	16-11-2022	Aprobación de lactancia acumulada e vacación SMC
1965/2022	16-11-2022	Denegar a petición de GDM de realizar a súa xornada laboral os luns e martes en horario continuado de 8 a 15 horas polas razóns motivadas no informe do coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 26 de outubro de 2022 e autorizar a que realice a xornada de todos os venres en horario de 8 a 15 horas ampliando a conciliación establecida ata agora
1966/2022	16-11-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 263.493,64 euros
1967/2022	16-11-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas con reparos da intervención municipal, así como o seu pagamento por importe total de 54.218,40 euros
1968/2022	16-11-2022	Aprobar a relación de 3 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 no mes de novembro
1969/2022	16-11-2022	Suspender a actividade que se está a realizar por Talleres y Servicios La Telva II S.L, no local sito na en Telva, Sigrás, carecendo de título habilitante municipal, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística
1970/2022	16-11-2022	Corrixir erro no apartado primeiro, punto e) da resolución núm. 416/2022 do Concelleiro-Delegado da Area de Urbanismo e Obras de data 14 de marzo de 2022 onde di: "e) Exp. nº 01/162/00: aval de Abanca nº 14.12.2021 por importe de 7.083,46 euros a nome de Sergio Sánchez Alvarez" debe decir: "e) Exp. nº 01/162/00: fianza por importe de 7.083,46 euros depositada en metálico por Sergio Sánchez Alvarez"
1971/2022	16-11-2022	Conceder a MFM prórroga do prazo para comenzo das obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na Estrada da Estación, parroquia de Cambre, expediente nº 2021/U022/11, autorizadas por licenza concedida por resolución do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Obras nº 1484 de data 24 de agosto de 2021, polo prazo máximo de seis meses
1972/2022	16-11-2022	Conceder a FM ^a FM a prórroga do prazo para comenzo das obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na Estrada da Estación, parroquia de Cambre, expediente nº 2021/U022/12, autorizadas por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		licenza concedida por resolución do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Obras nº 1483 de data 24 de agosto de 2021, polo prazo máximo de seis meses
1973/2022	16-11-2022	Suspender inmediatamente a talla que están a realizar JRNB na parcela sita no lugar de Fial (Pravio), sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal, provocando danos no camiño municipal. Iniciar procedemento sancionador
1974/2022	16-11-2022	Conceder licenza municipal a dona M ^a M, P e BV, para segregar da finca sita no lugar de A Cabana, parroquia de Anceis de 3.641 m ² , unha parcela de 910 m ² , condicionada a agrupación desta a parcela colindante.
1975/2022	16-11-2022	Conceder a LLM a licenza para a división dunha finca sita no lugar de Fabás, parroquia de Pravio, de 12.714 m ² , en catro parcelas de 7.264 m ² , 3.013 m ² , 1.500 m ² e 937 m ² , sendo ésta última de cesión obligatoria e gratuita ao Concello para regularización do viario
1976/2022	16-11-2022	Suspender a actividade de compraventa de vehículos que se está a realizar na finca sita en Pontido, Sigrás, con referencia catastral 1620925NH5912S0001DT, carecendo de título habilitante municipal, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1977/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.M.L.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1978/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social recibo auga a A.D.C.M. por importe de 49,85 euros
1979/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social recibos auga e luz a M.J.B.B. por un importe de 60,86 e 17,26 euros respectivamente
1980/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.I.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1981/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.N.G.F. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1982/2022	17-11-2022	Autorización remisión documentación solicitada por dona M.O.S.L., en escrito presentado o día 16 de novembro de 2022, ao número 202299900006366.
1983/2022	17-11-2022	Aprobar a realización da actividade "Xogando no Nadal 2022"
1984/2022	17-11-2022	Concesión axuda emerxencia social a M.V.C. para lentes correctoras
1985/2022	17-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.V.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1986/2022	17-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a N.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1987/2022	17-11-2022	Iniciar expediente de orde de execución a erdeiros de JMBP, para a corrección dos vertidos existentes (restos de tellas, entullos, papeis



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		e cartóns de sacos de cemento ou similar, plásticos), na finca sita en Espiñeiro-Brexo
1988/2022	17-11-2022	Iniciar expediente de orde de execución a JFB, para o desbroce da vexetación existente na finca sita en Graduil, Cambre, que estea a invadir o camiño público inventariado co nº 1C.1.0182. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística

5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

Único.- Proposta de adxudicación do contrato para o “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás” a prol do licitador “ITH Planing and Design, S.L.” no prezo ofertado de 8.925,00 euros sen IVE, 10.799,25 99 euros IVE incluído. Expte: 2021/C004/000027

A Sra. Pan Lesta intervén e xustifica a urxencia no feito de que é preciso acelerar a contratación da redacción do proxecto aos efectos de poder iniciar a licitación da execución da obra.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

ÚNICO.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA O “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA DE “ACTUACIÓN S PARA LEGALIZACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS DA URBANIZACIÓN UE-25, CAMIÑO REAL, SIGRÁS” A PROL DO LICITADOR “ITH PLANING AND DESIGN, S.L.” NO PREZO OFERTADO DE 8.925,00 EUROS SEN IVE, 10.799,25 99 EUROS IVE INCLUÍDO. EXPTE: 2021/C004/000027

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de novembro de 2022 (CVD: u/Nmle296nMV31t4MgcR) relativa á “Proposta de adxudicación do contrato para o “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás” a prol do licitador “ITH Planing and Design, S.L.” no prezo ofertado de 8.925,00 euros sen IVE, 10.799,25 99 euros IVE incluído. Expte: 2021/C004/000027”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000027 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato para o “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás”, cun valor estimado de 10.644,94 euros e un orzamento base de licitación de 10.644,94 euros sen IVE, 12.880,38 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da mesa de contratación designada para o presente expediente, reunido con data 28 de setembro de 2022, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador “ITH Planing and Design, S.L.”.

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria accidental con data 28 de outubro de 2022 (CVD: HzpTXMJp+ymxb4iyNEIM), e mailo informe de fiscalización número JUA 440/2022 – Reparación 151 R, emitido polo interventor municipal con data de 20 de novembro de 2022 (CVD: IJ8wNYVWBk5Z8+Hvnn2).

Á vista do establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela a única oferta presentada pola empresa que a continuación se relaciona:

- ITH Planing and Design, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 4 de xullo de 2022 pola mesa de contratación designada no presente expediente, aprobar a seguinte valoración da única proposición presentada polo licitador admitido, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 12 do PCAP:

Concepto	Puntuación
Memoria	10,00
Programación y planificación	12,00
Control de calidad interno	2,50
Comunicaciones y Coordinación con la Administración	3,00
TOTAL	27,50

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada pola mesa de contratación designada no presente expediente con data do 28 de setembro de 2022, adxudicar o contrato para o “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás” a prol do licitador “ITH Planing and Design, S.L.” con NIF B67665216 no prezo ofertado de 8.925,00 euros sen IVE, 10.799,25 99 euros IVE incluído, por ser a única entidade presentada e admitida, obtendo a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Cuarto: Formalizar o contrato correspondente en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, publicando seguidamente a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Quinto: Designar como responsable do contrato a dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade co establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:, unha copia dun Seguro de Responsabilidade Civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas de Responsabilidade Civil da actividade obxecto do contrato, cunha contía mínima de **100.000 euros por sinistro**, dados os importes da obra de cada actuación obxecto de proxecto, e da súa dirección facultativa respectiva, así como para a coordinación de seguridade global das actuacións desde o inicio do contrato ata a data en que se produza a recepción definitiva da documentación, así como do certificado final das obras, e unha vez cumprido o prazo de garantía das mesmas. Así mesmo presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago da esta póliza.

Sexto: Notificar o presente acordo ao licitador presentado e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notificar ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de novembro de 2022 (CVD: u/Nm1e296nMV31t4MgcR), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo